



## XUNTA DE GALICIA

### ORDE DO 28 DE DECEMBRO DE 2016, POLA QUE SE APROBA O PLAN ANUAL DE ACTUACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA PARA 2017.

O Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística (IGE), desenvolve as previsións da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (LOFAXGA), en coherencia coa Lei 9/1988 de estatística de Galicia (LEG) e o resto da normativa específica da Comunidade Autónoma na materia.

Segundo se ordena na LOFAXGA, os organismos autónomos desenvolverán a súa actividade consonte un Plan anual de actuación, que será aprobado por orde da consellería de adscrición. En aplicación da LEG e do Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o IGE está adscrito á Consellería de Facenda.

As tarefas encomendadas ao IGE no Plan anual de actuación sumaranse ás que se lle asignen no decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma, tal e como se prevé no artigo 9 da LEG e no capítulo II do título I da Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021.

O Consello Galego de Estatística, creado no artigo 45 da LEG como órgano superior consultivo da actividade estatística, e o Consello Reitor, previsto no artigo 63 da LOFAXGA como órgano superior de goberno do IGE, aprobarán os resultados da actividade anual do IGE, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais.

En canto aos recursos asignados para conseguir os obxectivos previstos, correspóndelle ao Consello Reitor aprobar o anteproxecto de orzamentos e a proposta de relación de postos de traballo do IGE.

Con base en todo o anterior,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1 *Obxecto*

A presente orde ten por obxecto aprobar o Plan anual de actuación do Instituto Galego de estatística para 2017.





## XUNTA DE GALICIA

### Artigo 2. *Contido*

O IGE, como soporte e complemento das actuacións que se lle encomenden no Programa estatístico anual, realizará no 2017 as seguintes:

1. Coordinación do sistema estatístico galego
    - Recolla de coordenadas xeográficas das unidades estatísticas
    - Recompilación de datos de emprego non dispoñibles no directorio de empresas e unidades locais para os establecementos dependentes da administración autonómica
  2. Relacións con outros sistemas estatísticos
    - Tradución ao galego dos literais da plataforma IRIA do INE
  3. Difusión, comunicación e atención aos usuarios
    - Difusión de proxectos das operacións en curso ou cumprimento
    - Participación en congresos e xornadas
    - Xestión de fondos da biblioteca do IGE
  4. Cursos, seminarios e outras actividades formativas e divulgativas
    - Cursos impartidos na Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
    - Colaboración coa Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) no VII Concurso incubadora de sondaxes e experimentos
    - Participación do IGE na XI Feira matemática da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA)
    - Prácticas de alumnos das universidades galegas
    - Xornadas de portas abertas
  5. Outras actividades
    - Apoio á Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) na valoración de bens inmobles para a orde de valoración de bens dalgúns tributos
    - Axencias de Rating: exposición da situación da economía galega e perspectivas
    - Enquisa sobre a percepción da competencia en Galicia
- Informe sobre a posición cíclica da economía galega





## XUNTA DE GALICIA

- Informe de impacto de xénero dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
- Informe económico-financieiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
- Informe para a AIREF coas previsións macroeconómicas a incluír nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
- Oposicións á escala superior de estatística

### Artigo 3. *Recursos orzamentarios*

Para realizar as actuacións deste plan e as que se lle encomenden no programa estatístico do mesmo ano, o IGE contará cos recursos previstos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

### Artigo 4. *Recursos persoais*

En tanto non se desenvolva a estrutura organizativa do IGE, regulada na sección III do capítulo II do Anexo do seu Estatuto, os postos de traballo con nivel orgánico inferior ao servizo serán os previstos na vixente relación de postos de traballo do IGE, publicada como Resolución do 26 de xuño de 2009 (DOG nº 135, do 13 de xullo), e modificada por Resolución do 2 de xaneiro de 2011 (DOG nº 4, do 7 de xaneiro), Resolución do 26 de decembro de 2011 (DOG nº 3, do 4 de xaneiro) e Resolución do 24 de xaneiro de 2014 (DOG nº 19, do 29 de xaneiro).

Disposición derradeira única. *Efectos*

A presente orde terá efectos dende o 1 de xaneiro de 2017.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2016



Valeriano Martínez García

Conselleiro de Facenda